

A algúns estórballes o feminino: O intento de borrar ás mulleres de Muface

Parece ser que a resaca do 8 de marzo duroulle ben pouco a algúns. Só tres días despois de reivindicar a igualdade nas rúas, na reunión de hoxe do Plan de Acción Social, vivimos un deses episodios que nos lembran que o machismo non só é teimudo, senón que ás veces tamén se amosa con certa "comodidade".

O "sufrimento" de ler en inclusivo

Un representante sindical de CSIF tivo a ben manifestar que a linguaxe inclusiva do documento lle resultaba **"tediosa" e "incómoda"**. Segundo o susodicho, iso de visibilizar as mulleres non aporta nada, é problemático e induce á confusión. Compréndese: debe ser un esforzo intelectual sobrehumano ler un "as e os" cando se leva séculos afeito á comodidade de que o masculino o cubra todo, como unha manta que, de paso, tapa a metade da poboación.

A RAE como escudo contra a maioría

Ante semellante ocorrencia, a Administración —nun xesto que dende a CIG agradecemos— propuxo que, dado que a gran maioría do persoal son mulleres, poderíamos redactar o Plan directamente en feminino. A resposta do "ofendido" pola linguaxe non tardou: un rotundo non, porque segundo a RAE (ese oráculo que algúns usan convenientemente para non evolucionar), o masculino engloba a todo o mundo. Curiosa forma de entender a representación nun colectivo maioritariamente feminino: agarrarse ao dicionario para non soltar o privilexio da invisibilidade.

A postura da CIG

Dende a **CIG** fomos claros e non permitiremos nin un paso atrás:

- **Defendemos** e esiximos que se manteña a linguaxe inclusiva e non sexista.
- Lembramos que existen guías abondo para facer os textos dinámicos sen necesidade de borrar a ninguén.
- Lamentamos profundamente que, nesta xuntanza, só a CIG e a representación de Muface alzarán a voz para defender este dereito básico. O silencio do resto da representación sindical ante o ataque á igualdade resulta, canto menos, rechamante.

Unha proposta "de altura"

O máis rechamante de todo, por non dicir pintoresco, é que esta foi **a gran proposta estrela** que ese sindicato levou á mesa do Plan de Acción Social. Coa que está caendo, coas necesidades reais que ten o persoal e o que queda por mellorar nas nosas

condicións, a súa prioridade absoluta e a súa "achega" máis brillante foi pedir que a linguaxe inclusiva desapareza porque lles resulta "insoportable".

Na CIG non nos imos cansar. A igualdade non é negociable, nin sequera por "tedio"